

DOMINGO 31 ORDINARIO CICLO B

PRIMEIRA Dt 6, 2-6

Escoita, Israel: amarás ao Señor de todo corazón

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DO DEUTERONOMIO

Faloulle Moisés ao pobo dicindo:

Teme ao Señor, o teu Deus, gardando todos os seus preceptos e os seus mandamentos que eu che ordenei, ti e o teu fillo e mailo teu neto, todos os días da túa vida, para que se alonguen os teus días. Escoita, Israel, e ten coidado de o practicar, para que sexas feliz e que te multipliques moito, pois tal como cho falou o Señor, Deus dos teus pais, é unha terra que deita leite e mel.

Escoita, Israel: O Señor, o noso Deus, é Iavé, o único. Amarás ao Señor, o teu Deus, con todo o teu corazón, con todas as túas aspiracións e con toda a túa forza. Os preceptos estes, que eu che mando hoxe, estarán no teu corazón.

SALMO RESPONSORIAL Sal 17, 2-3a. 3bc-4. 47 e 51ab

R/ (2): Eu ámote, Señor, a miña forza

Eu ámote, Señor, a miña forza,
Señor, a miña rocha, o meu castro, o meu refuxio,

meu Deus, penedo onde me acollo,
o meu escudo, o meu alcázar, o meu castelo.
Eu invoco ao Señor, o adorable,
e salvame dos meus inimigos.

Viva o Señor, bendita a miña rocha;
sexa exaltado Deus, o meu salvador,
o que lle dá ao rei grandes vitorias
e mostra misericordia ao seu unxido

SEGUNDA Heb 7 23-28:

Ten un sacerdocio imperecedeiro, xa que dura para sempre

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA AOS HEBREOS

Irmáns e irmás:

Foron moitísimos os sacerdotes do primeiro Testamento, porque a morte non os deixaba ser duradeiros; pero este ten un sacerdocio imperecedeiro, xa que dura para sempre. Por iso pode levar á plenitude da salvación para sempre aos que por El se achegan a Deus, xa que en todo momento vive para interceder por eles.

Pois era xustamente deste xeito o sacerdote que nós precisabamos: santo, sen ruindade e sen pecado, separado dos pecadores e levantado a unha gloria máis alta que o mesmo ceo. Non necesita ofrecer sacrificios cada día, en primeiro lugar polos seus pecados e logo polos do pobo, coma os outros Sumos Sacerdotes; pois isto fíxoo dunha vez para sempre, ofrecéndose a si mesmo. En síntese, a Lei constitúe Sumos Sacerdotes a homes débiles, mentres que o xuramento que vén despois da Lei constitúe Sumo Sacerdote ao Fillo que logrou a salvación plena para sempre.

ALELUIA Xn 14, 23:

Quen me ama, gardará a miña palabra, di o Señor;
e o meu Pai amara e viremos a el.

DOMINGO 31 ORDINARIO CICLO B

EVANXEO Mc 12, 28b-34:

Amarás ao Señor, o teu Deus. Amarás ao teu próximo

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Daquela un dos escribas acercouse a Xesús e preguntoulle:

- Cal é o mais importante de todos os mandamentos?

Xesús respondeulle:

- O primeiro é: Escóita, Israel: o Señor é o noso Deus, o Señor é único, e amarás ao Señor, o teu Deus, con todo o teu corazón, con toda a túa alma, con todo o teu entendemento e con todas as túas forzas. O segundo é: Amarás ao teu próximo como a ti mesmo. Non hai mandamentos máis importantes ca estes.

O letrado replicou:

- Moi ben, Mestre, estás no certo cando dis que El é único e non hai outro fóra del; e que amalo con todo o corazón, con todo o entendemento e con todas as forzas, e ao próximo coma a un mesmo, é mais importante do que todos os sacrificios e holocaustos.

Xesús, vendo que respondera con moito tino, díxolle:

- Non estás lonxe do Reino de Deus.

E ninguén se atreveu a facerlle máis preguntas.